

## **BASES DO CONCURSO DE PROXECTOS #EuropaXunta NO MARCO DO ACTO ANUAL DE COMUNICACIÓN 2026 DE FONDOS EUROPEOS DE GALICIA**

### **Primeira. – Obxecto.**

A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública organiza por terceira vez o Concurso Anual de Comunicación de Fondos Europeos de Galicia co fin de dar visibilidade e incrementar a concienciación da cidadanía sobre os resultados e o valor engadido do apoio dos fondos europeos en Galicia. O concurso ten o obxectivo de seleccionar, premiar, comunicar e difundir proxectos que recibisen financiamento por parte de fondos europeos de xestión compartida (isto é, proxectos cofinanciados polo **FEDER**, incluído o obxectivo de **cooperación territorial europea**, polo **FSE/FSE+**, polo **FEMP/FEMPA**, polo **FTX**, polo **FEADER** e polo **FEAGA**) ou de xestión directa pola Comisión Europea (**LIFE/LIFE+**, **HORIZONTE 2020**, **HORIZONTE EUROPA**, **EUROPA DIXITAL**, **EUROPA CREATIVA**, etc), así como aqueles financiados polo **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia**.

O concurso estruturarase en dúas fases, segundo se describe na Cláusula Quinta, anunciándose os gañadores ao termo da fase final, que se celebrará, previsiblemente, durante o mes de **outubro de 2026**, no marco do Acto Anual de Comunicación.

### **Segunda. – Categorias de concurso**

Os proxectos que se presenten ao concurso, deberán facelo nalgunha das seguintes 6 categorías:

1. Categoría **#EuropaXunta é máis Intelixente, Competitiva e Dixital**, onde poderán competir proxectos orientados á transformación industrial, o apoio ás pemes, o fomento da investigación e a dixitalización.
2. Categoría **#EuropaXunta é máis Verde e Conectada**, onde poderán competir proxectos orientados, entre outras cousas, á transición enerxética, ás enerxías renovables, á loita contra o cambio climático, á agricultura sostible, á protección do medioambiente, á rehabilitación ambiental, á biodiversidade, á economía circular, á mobilidade sostible, ao transporte respectuoso co medio ambiente e a favorecer a intermodalidade e o movemento eficiente e seguro das persoas.
3. Categoría **#EuropaXunta pola Inclusión Social**, abranguerá proxectos que busquen favorecer a inclusión social e previr e combater a pobreza, deseñando actuacións destinadas ás persoas máis desfavorecidas, incluídas aquelas que permitan mellorar o acceso aos servizos xa sexan de emprego, sanitarios, de coidado infantil, ou de protección ás persoas sen fogar, de coidados de longa duración, etc.
4. Categoría **#EuropaXunta pola Educación e o Emprego**, fará referencia a proxectos que invistan na educación, na formación e na aprendizaxe permanente e/ou que busquen fomentar o emprego, mellorar o acceso ao mercado de traballo, apoiar a creación de empresas e microempresas, fomentar a cultura emprendedora e en liñas xerais mellorar as condicións laborais a persoas desempregadas, ocupadas e inactivas, á vez que se procure a integración sostible no mercado de traballo das persoas mozas.

5. Categoría **#EuropaXunta no Ámbito Local**, onde poderán competir os proxectos desenvolvidos na Comunidade Autónoma por algunha das Administracións Locais galegas no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI).
6. Categoría **#EuropaXunta é Innovadora e Novidosa**, onde poderán competir proxectos, iniciados e non rematados, que presenten novidades ben sobre o que se viña financiando en períodos anteriores ou ben sobre a forma de abordar retos actuais e que modifica a forma de proceder existente.

### Terceira. – Condicións de elixibilidade

Establécense as seguintes condicións en relación coa elixibilidade dos proxectos:

1. Poderán participar no concurso aqueles proxectos que fosen cofinanciados por algún dos fondos europeos aos que se alude no primeiro parágrafo da Cláusula Primeira, tanto no marco do período 2014-2020 como do período 2021-2027.
2. O proxecto debe enmarcarse nunha das categorías do concurso recollidas na Cláusula Segunda. Un mesmo proxecto non pode presentarse en varias categorías.
3. As solicitudes deberán ser presentadas polo promotor do proxecto (é dicir, a organización responsable da execución do proxecto) ou o beneficiario.

Para todas as categorías, agás a sexta, teranse en conta só os proxectos rematados, isto é, aqueles para os que se levaron a cabo todas as actividades previstas, recibíuse a súa contribución financeira final e o proxecto fose declarado pechado polo beneficiario do proxecto, a autoridade de xestión ou o organismo intermedio. Como excepción, na sexta categoría (**#EuropaXunta é Novidosa e Innovadora**) si se poderán presentar proxectos sen rematar.

### Cuarta. – Modo de presentación dos proxectos.

1. As solicitudes deberán presentarse antes das 15:00 horas do día **30 de xuño de 2026** a través do seguinte formulario: [Formulario de participación](#).  
Unha vez cuberto, este formulario deberá remitirse ao seguinte enderezo electrónico: [dx.politica.cohesion.fondos.europeos.facenda@xunta.gal](mailto:dx.politica.cohesion.fondos.europeos.facenda@xunta.gal).
2. A presentación das solicitudes requirirá da aceptación da declaración recollida no formulario pola que acepta que o material de comunicación que se poida usar na defensa do proxecto ao longo das fases do concurso, ou que a DXCFE solicítase no marco do concurso, poida ser utilizado pola DXCFE para a súa difusión nas diferentes canles (principalmente, web e redes sociais), así como durante o Acto Anual de Comunicación ou outros actos de comunicación, co fin de dar visibilidade tanto ao concurso como aos propios proxectos e á actividade da Unión Europea en Galicia. Neste sentido, e como se recolle no formulario, o participante declárase como único titular de todos os dereitos de autor sobre o material audiovisual que presenta, e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros no seu traballo, así como de toda eventual reclamación derivada diso.

### Quinta. – Desenvolvemento do concurso: dúas fases.

1. **Primeira fase.** A primeira fase consistirá nunha selección de proxectos por parte dun xurado técnico con amplos coñecementos dos distintos fondos segundo os criterios de selección que se indican na Cláusula Sétima. Entre os proxectos elixibles presentados ata a data de finalización do prazo de inscrición, seleccionarase o proxecto que se considere máis salientable en cada categoría, buscando asegurar certa representatividade dos diversos fondos. Resérvase o dereito de propoñer ao solicitante unha reclasificación daqueles proxectos que considere que se axustan mellor a unha categoría de concurso diferente á que se indicou na súa presentación. Posteriormente, a DXCFE notificará aos participantes seleccionados o seu paso á segunda fase. A partir deste intre, poderase solicitar en calquera momento aos participantes a información adicional sobre os seus proxectos que considere oportuna e pertinente para o resto do proceso.
2. **Segunda fase.** A fase final terá lugar, previsiblemente, no mes de outubro de 2026 no marco do Acto Anual de Comunicación. Cada un dos finalistas por categoría dispoñerá de 5 minutos para unha presentación en galego sobre o seu proxecto, que utilizará algún dos formatos estandarizados de presentación recollidos na Cláusula Sexta. Ao rematar as presentacións de todas as categorías procederase a unha votación final. O proxecto máis votado será considerado o mellor proxecto cofinanciado do concurso #EuropaXunta 2026 e será nomeado como o **Proxecto europeo do ano en Galicia**.

### Sexta. – Presentacións de proxectos na fase final.

1. A(s) persoa(s) representante(s) de cada proxecto finalista dispoñerá(n) dun máximo de 5 minutos para realizar a presentación do seu proxecto.
2. A presentación do proxecto apoiarase nun vídeo previamente elaborado. Ao remate da proxección do vídeo, a(s) persoa(s) representante(s) do proxecto poderá complementar a información amosada no vídeo ata ese máximo dos 5 minutos asignados.
3. Cada proxecto deberá comunicar á caixa de correos do Servizo de Seguimento e Comunicación dos Fondos Europeos da DXCFE ([dxfondos.seguimento.facenda@xunta.gal](mailto:dxfondos.seguimento.facenda@xunta.gal)) a(s) persoa(s) que realizará(n) a presentación do seu proxecto –indicando nome, cargo e datos de contacto–, como moi tarde 7 días antes do día do evento.

### Sétima. – Criterios de valoración dos proxectos.

Na primeira fase do concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios á hora de valorar os proxectos:

#### 1. Impacto e relevancia estratéxica

Valorarase a capacidade transformadora do proxecto e a súa contribución efectiva aos obxectivos das políticas públicas apoiadas pola Unión Europea. En especial:

- A magnitude dos resultados obtidos, tanto desde unha perspectiva cuantitativa (alcance e beneficiarios) como cualitativa (mellora estrutural ou de servizos).

- O aliñamento coas prioridades estratéxicas dos fondos e a súa capacidade para xerar sinerxías con outras políticas e para ser replicado como unha boa práctica noutros territorios.

## **2. Innovación e eficiencia**

Avaliarase o carácter innovador e a eficiencia na resolución dos retos identificados, tanto desde un punto de vista sectorial como territorial. En especial:

- A incorporación de solucións creativas, enfoques disruptivos ou tecnoloxías avanzadas (especialmente dixitais) que melloren a xestión e acheguen un valor diferencial respecto a métodos tradicionais.
- A eficiencia no uso dos recursos para alcanzar os fitos e obxectivos fixados.

## **3. Sustentabilidade e participación**

Analizarase o compromiso do proxecto cos principios horizontais que rexen a execución dos fondos europeos e a súa permanencia no tempo. En especial:

- A viabilidade económica futura do proxecto e o seu aliñamento coa loita contra o cambio climático, coa igualdade de xénero, coa igualdade de oportunidades e coa accesibilidade.
- O grao de participación e implicación da sociedade civil, beneficiarios e cidadanía en xeral durante o desenvolvemento ou execución da actuación.

## **4. Comunicación e visibilidade**

Avaliarase a excelencia na difusión dos beneficios dos fondos europeos. En especial:

- A calidade técnica, orixinalidade e claridade narrativa do contido audiovisual e das presentacións realizadas.
- A capacidade do proxecto para actuar como un escaparate eficaz da política europea, chegando á cidadanía a través de canles adecuadas

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2026